

TÉCNICA DE DESEÑO WEB E MARKETING DIXITAL

A **Asociación de Familias Monomarentais de Galicia (FAGAMOS)** ven de abrir un proceso de selección para cubrir o posto de TRABALLADORA SOCIAL/TÉCNICA DE PROXECTOS da Asociación. Somos unha entidade sen ánimo de lucro cuxo obxectivo é apoiar e representar ás familias galegas nas que a responsabilidade da crianza recae por completo nunha soa persoa, na maior parte dos casos mulleres, e de reivindicar equidade e visibilidade para o noso modelo de familia ante a sociedade e ante as institucións. FAGAMOS está inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2021/024679-1º e no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servicios Sociais de Galicia (RUEPSS), e forma parte da Rede Estatal de Entidades de Familias Monoparentais (REEFM). Como beneficiaria da subvención destinada ao fomento da contratación por parte de entidades sen ánimo de lucro de mulleres que sofren violencia de xénero, cofinanciada polo Fondo Social Europeo plus no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027, seleccionamos:

Perfil

MULLER VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO, CON DOMINIO DE WORDPRESS, XESTIÓN DE REDES SOCIAIS E CREACIÓN DE CONTIDOS MULTIMEDIA

Imprescindible

- Condición de vítima de violencia de xénero.
- Inscrita no Servicio Público de Emprego de Galicia.
- Dominio de wordpress con experiencia demostrable.
- Manexo de Illustrator/Photoshop, Canva, Mailchimp, e ferramentas de edición audiovisual.
- Experiencia na xestión profesional de redes sociais

Valorable

- Coñecementos SEO, Google Analytics e Social Ads.
- Experiencia laboral ou voluntariado en entidades sociais.
- Coidada redacción e ortografía
- Motivación ou vinculación coa monoparentalidade.
- Residencia na zona de Barbanza ou Compostela.

Funcións do posto

En dependencia da Dirección Técnica e da Xunta Directiva, a persoa seleccionada colaborará no deseño e posta en marcha de campañas de marketing relacionadas coas familias monoparentais galegas, orientadas á sensibilización, incidencia e captación de persoas asociadas, así como a manter os deseños e os contidos das canles dixitais de de información e comunicación da entidade. Ocuparase de:

- Actualización e mantemento do deseño gráfico da web para axustalo ás necesidades que xurdan.
- Creación de contidos de texto, gráficos e multimedia para web e redes sociais.
- Deseño, execución e seguimento de accións de marketing dixital (newsletter, mailing, etc.).
- Xestión das redes sociais da entidade
- Analítica e posicionamento web

Condicións

- Contrato de 12 meses.
- Xornada 20 horas semanais.
- Incorporación inmediata.
- Flexibilidade horaria con posibilidade de teletraballo.
- Convenio Acción e Intervención Social, grupo 2.
- Enviar CV a info@fagamos.com ata o **20/08/2023**